

# **A SOCIEDADE DE PRINCIPIOS DO SÉCULO XIX COMO RECEPTORA DA PRIMEIRA PRENSA GALEGA**

**Xosé Ramón Pousa Estévez**

Facultade de CC. da Comunicación,  
Universidade de Santiago de Compostela



## 1. INTRODUCCIÓN

O xornal de hoxe ten pouco que ver co que se editaba no século XIX. Os intereses informativos dos lectores actuais tampouco son parecidos aos de hai douscentos anos. Entre aqueles xornais e estes, entre aqueles receptores e os de hoxe en día, hai un abismo, pero tamén existen moitos puntos en común. O xornal, onte e hoxe, é un produto cultural que trata de satisfacer as necesidades informativas e identificativas do lector que nas páxinas do periódico reafirma as súas ideas ou a súa pertenza a unha colectividade ou grupo humano. O xornalismo escrito foi durante bastante tempo o único medio de información e orientación pública dos cidadáns. Hoxe, aínda que en menor proporción, segue a conservar gran parte da súa responsabilidade na conformación da opinión cidadá e, aínda que configurou unha linguaxe propia que evoluciona constantemente, mantén vivos moitos dos principios cos que o xornalismo naceu en Galicia hai douscentos anos.

Non é doado debuxar unha visión exacta da sociedade galega de principios do século XIX como receptora da primeira prensa. Como nin temos estudos de audiencia ata ben avanzado o século XX, nin sequera dispoñemos de información abonda sobre o alcance das tiradas, das subscricións, das respostas e reaccións dos lectores, tentarei trazar o panorama no que se movía a prensa desta época para tratar de intuír mellor o perfil da súa posible audiencia directa, a dos compradores e lectores dos xornais, e tamén da indirecta, a dos que recibían os seus contidos a través da lectura en voz alta por parte dos primeiros.

Despois de analizar o marco tecnolóxico e político no que se desenvolvía este primeiro xornalismo, tentaremos aproximarnos, igual que fan hoxe os estudos de audiencias, aos riscos da poboación consumidora de prensa, a súa formación e o hábitat que onte e hoxe conforman as audiencias mediáticas.

## 2. MARCO PROFESIONAL

A actividade periodística desenvólvese en España dende o século XVII, coa publicación de *La Gazeta de Madrid* en 1661, pero foi especialmente dende a segunda metade do século XVIII cando o fenómeno comezou a asentarse e a tomar unhas formas que influirán poderosamente na historia do século XIX. Como tantas cousas, a prensa, ao igual que a imprenta, chegará tarde a Galicia, incluso despois do decreto de supresión de todos os xornais españois de 1791. Todos agás a *Gazeta Oficial* e o *Diario de Madrid*, que se converten así na primeira prensa oficial.

A historia da prensa en Galicia non comeza, como sabemos, ata a fundación da *Gazeta de Galicia* no 1800, pero o xornalismo romperá con forza a partir de 1808, co impacto producido pola invasión francesa e a conseguinte insurrección popular. 1808 pode considerarse a data inaugural do xornalismo escrito en España e especialmente en Galicia. A última aportación lexislativa do Antigo Réxime en materia de prensa é o decreto de 1805 polo que se creou un xulgado especial de Imprenta, con censores facultados para actuar no terreo da súa competencia con total independencia de calquera outro tribunal.

A evolución da imprenta, que tarda máis de douscentos cincuenta anos en entenderse por Europa, e do liberalismo político abonan o nacemento do xornalismo nunha España na que aínda funciona a pleno ritmo o Tribunal da Inquisición e na que a posesión ou lectura das obras de Rousseau, Erasmo ou Montesquieu son motivo de sanción ou cadea. Tras a Revolución francesa intentouse pechar a cal e canto as fronteiras, establecendo unha especie de cordón sanitario para impedir a entrada das ideas revolucionarias, plasmadas sempre en textos incendiarios. Pero inventáronse as máis variadas estrataxemas para burlar as disposicións, de xeito que a vixilancia de aduanas deu orde de estender os seus controis sistemáticos aos forros dos sombreiros, abanicos e paraugas que podían conter textos revolucionarios. Dun xeito ou doutro, as ideas acababan chegando á poboación letrada, auténtico líder de opinión que a estendía ao resto da sociedade.

O Tribunal da Inquisición de Logroño fai un informe clarificador da situación: “la muchedumbre de papeles sediciosos que vienen de Francia no da lugar a informar todos los expedientes contra los sujetos que los introducen, retienen y divulgan, a lo que se junta la inopia de teólogos inteligentes en la lengua francesa que puedan calificarlos”.

### 3. MARCO POLÍTICO

No sexenio de 1808-1814 prodúcense unha serie de acontecementos de gran transcendencia: o motín de Aranjuez, polo que Carlos IV se ve obrigado a abdicar no seu fillo Fernando VII; a devolución por parte deste da coroa ao seu pai, que á súa vez renunciará aos dereitos do trono español en favor de Napoleón; a insurrección popular; a creación das Xuntas provinciais e Central; a convocatoria das Cortes que reunidas en Cádiz redactan unha Constitución revolucionaria baseada no principio da soberanía nacional... O período pecharase co regreso de Fernando VII e a volta durante outro sexenio ao sistema do Antigo Réxime.

A Guerra da Independencia fronte a Napoleón é un fenómeno complexo: os españois divídense en dous bandos, os que aceptan o cambio (afrancesados), rapidamente cuestionados pola presenza do exército invasor, e os que se rebelan contra el. Ambos os bandos se enfrontan ideoloxicamente nas Cortes de Cádiz. Como consecuencia do levantamento popular de 1808, establécese de xeito inmediato unha liberdade de imprenta que trae consigo a proliferación de periódicos e folletos de diferentes ideoloxías. Estamos ante un novo fenómeno: a aparición da «opinión pública». O despertar da poboación condensa toda a actividade intelectual no xornalismo, ou en cancións e poesías que se propagan de boca en boca, con identico fin: chegar a un público rapidamente e influír sobre el.

En Galicia, como no resto de España, os xornais foron o principal vehículo de instrución para os lectores no tempo que durou a guerra. A Junta Central tentou frear un tanto esa liberdade da que se gozaba dende o comenzo da insurrección, pero as Cortes dan carácter legal a esa liberdade que existía de feito. O 10 de novembro de 1810 decrétase que os impresos poidan publicarse sen suxeición á censura previa. A liberdade de imprenta limitábase ao político, os escritos sobre materia relixiosa quedaban sometidos á previa censura dos bispos. A polémica na prensa entre os patrióticos, divididos entre liberais e absolutistas, e os afrancesados acadou niveis de grande virulencia. Os xornais galegos están influenciados polas dúas grandes correntes e polos medios máis representativos de cada unha delas, que creaban opinión a nivel de Estado, e nos que basean as súas fontes informativas. Entre os afrancesados ten grande influencia *La Gaceta e o Diario de Madrid*; entre os patrióticos, o *Semanario Patriótico*, editado por Quintana, primeiro en Sevilla e logo en Madrid, *El Conciso*, que se publicaba en días alternos,

pasando logo a ser diario, e tamén *El Tribuno del Pueblo Español*. Os absolutistas miraban sobre todo a *El Censor general*.

O 11 de decembro de 1813, Napoleón reconece polo tratado de Valençay a Fernando VII como rei de España. Tras unha serie de negociacións o *Desexado*, alcume polo que pasa a ser coñecido popularmente, é liberado. En 1814 Fernando VII fai a súa entrada triunfal en Valencia e fáiselle xurar a Constitución coa oposición dos absolutistas. A Corte trasládase de Cádiz a Madrid, onde continúa a loita xornalística ata que en 1815 un decreto real racha o clima de liberdade e só permite os periódicos de corte oficialista e unha serie de periódicos científicos e literarios.

Polo decreto do 4 de maio de 1814, Fernando VII declarara a constitución de 1812 nula de todo valor. A conspiración e o pronunciamento militar serán os medios cos que o liberalismo, de xeito momentáneo, dá unha nova volta á situación. A intervención do exército na política será a partir de agora un fenómeno característico do século XIX.

O labor revolucionario do Trienio Liberal 1820-1823 atopa fortes resistencias entre os sectores prexudicados. O rei pide axuda ás potencias da Santa Alianza coa intervención decidida ao remate do congreso de Verona, que vai ser o elemento decisivo da caída do réxime constitucional. Envíanse a España as tropas dos Cen mil fillos de San Luís. O Goberno capitula, é restituída a plenitude da soberanía e iníciase unha década 1823-1833 de grande represión por parte de Fernando VII, na que os seus partidarios, os absolutistas, escíndense entre realistas moderados e ultrarrealistas, ou o que é o mesmo, entre os partidarios da rexencia de Cristina e os partidarios de Don Carlos, os chamados Carlistas, que terán grande influencia en Galicia.

Londres vaise converter no centro intelectual de España durante estes anos. Mentres aquí a prensa quedaba reducida á *Gaceta* e ao *Diario de Avisos*, os emigrados ideolóxicos publicaban en Inglaterra xornais como *El Español Constitucional* e *El Emigrado*. Os exiliados levaban consigo as mesmas loitas e rivalidades que os dividiran en España. Francia ofreceu un refuxio menos cordial aos emigrados ata o triunfo da revolución de 1830. Tras ela trasladáronse alí a maoría dos refuxiados en Londres, sumándose aos xa existentes dende o principio da emigración. Xornais como *El Precursor* ou *El Dardo* editáanse nestas circunstancias.

### 3.1. Do absolutismo ao liberalismo

Ao morrer Fernando VII estoupa abertamente o conflito carlista en forma dunha guerra civil que durará sete anos. A súa orixe remóntase ao movemento realista do Trienio Liberal, seguindo unha liña que pasa polo descontento producido en certos sectores polas medidas liberalizadoras dos moderados fernandinos. Na última etapa do reinado o descontento vai creando un partido en torno ao infante Don Carlos, herdeiro do trono ata o nacemento de Isabel II. O conflito dinástico desencadeado polo feito de ser feminina a sucesión, condición invalidante conxunto a lei Sállica, proporciona a ocasión para a explosión armada da loita ideolóxica. Os ultrarrealistas afectos ao réxime defenderán os dereitos de Don Carlos, namentres que a raíña rexente se verá obrigada a apoiarse nos liberais e estes a apoiar os dereitos da súa filla. Os gobernos isabelinos vense obrigados a unha progresiva liberalización para crearen unha opinión favorable á futura raíña Isabel. Un novo decreto de amnistía permite o regreso de todos os exilados e tamén permite a recuperación da palabra a través da prensa. Nestes anos de transición vaise formar a verdadeira prensa moderna en España.

Ata agosto de 1836, en que tras a revolución de La Granja un real decreto establece a vixencia da lei de 1820, a prensa regúlase por un decreto de 1 de xaneiro de 1834, ditado polo goberno de Cea Bermúdez. Estes decretos crearon a figura do editor responsable e a fianza ou depósito previo, ambas inspiradas na lexislación francesa. O editor responsable ha de ter as mesmas condicións que se esixen para ser procurador en Cortes. É dicir, solvencia moral e económica. Nestes anos repítese o fenómeno de épocas anteriores: a maioría dos xornais teñen unha vida efémera. Os xornalistas, que aínda non están profesionalizados, agudizan o seu enxeño para burlar a censura. Actívanse a ironía, os sobreentendidos e todas as formas de facer un chisco de ollos ao lector.

Na loita política das Cortes e na prensa vanse forxando os partidos moderados e progresistas. Ao regulamento de prensa de 10 de xuño de 1834, que completa un anterior do mes de xaneiro esixindo ao editor reunir as mesmas condicións que os grandes electores, poucos xornais sobreviven.

Conservadores e liberais pasarán a ser os únicos dous bandos dunha batalla que se libra na prensa e na sociedade. Os dous utilizan a prensa para tratar de transmitir uns valores que é importante coñecer nos seus trazos esenciais. Xosé

Ramón Barreiro é autor dun traballo de investigación sobre as orixes do pensamento reaccionario e liberal en Galicia baseado nos contidos das publicacións periodísticas que nos será útil. Esta dialéctica iníciase en 1808 coa invasión napoleónica e remata en 1833 coa morte de Fernando VII. Reaccionario e liberal son dous termos cheos de paixón política. Ideólogos reaccionarios son quen se opoñen doutrinalmente á filosofía liberal. Segundo Barreiro, están dotados dunha “*visión pesimista da natureza humana*”, como consecuencia do pecado orixinal que lastra definitivamente a humanidade. De aí que o home sen a axuda da graza non pode realizar ningún acto honesto, polo que é imprescindible a presenza do sobrenatural. Segundo o mesmo autor, “teñen unha *Visión providencialista da Historia*”, que é a consecuencia obrigada da irrupción do sobrenatural na orde natural. Por iso as fames, a peste, as guerras non son o resultado dos desarregros sociais, senón que é a Providencia quen castiga sucesivamente as súas prevaricacións. Ademais de Deus está o Mal, que utiliza tres forzas coligadas contra o plan divino: a masonería, o xansenismo e a filosofía, todos eles inimigos a combater.

Os absolutistas esfórzanse en combater o pacto social e intentan demostrar que a sociedade é creación directa de Deus. Negan a absoluta igualdade dos homes, aceptando o principio de xerarquización como consustancial coa natureza, e defenden a existencia de clases como a monarquía e a nobreza, o clero e o pobo.

Pola contra, o pensamento liberal parte dunha nova concepción antropolóxica na que predomina a autonomía do humano fronte ao divino. A ética da felicidade que ten que ser vivida neste mundo. Os medios que conducen a esta felicidade, ao benestar social, convértense en virtudes humanas: o traballo, de aí a alta valoración do home traballador e austero; a propiedade, o aforro. Antes de constituírse en sociedade —escriben os publicistas liberais— os homes vivían xuntos no estado que a natureza lles deu. A natureza marca igualmente as leis fundamentais da economía. A natureza é en definitiva quen fai iguais aos homes, quen crea o dereito natural e o dereito de xentes.

Os liberais séntense arquitectos dun novo mundo e, por conseguinte, dunha España tamén nova. Di Barreiro que os liberais galegos “tiñan os pés ben postos na terra, xa que crían que non bastaban as revolucións filosóficas para cambiar a sociedade: ‘Las revoluciones —escribe un autor en *El Patriota Compostelano*— no nacen de nuevas teorías. La mudanza que ha habido en las relaciones sociales es la que produce verdaderamente el nuevo orden de las cosas’”.



Combater a ignorancia con novas ideas é o propósito liberal para cambiar o mundo. Os liberais galegos son moi selectos nas recomendacións das lecturas, fundamentalmente de Adam Smith, Condillac, Malebranche, Rousseau, Montesquieu e Locke. *El Ciudadano por la Constitución* bota man constantemente dos escritos de Smith, moitas veces citándoo en inglés. O xornal compostelán *El Patriota* recoñecía que as lecturas de Locke e de Malebranche “disipan seguramente de las cabezas los errores y los dexan preparados para recibir la verdad”. De entre os autores galegos liberais os máis citados son Valentín de Foronda, o cóengo compostelán Pedro Antonio Sánchez nos seus esclarecedores informes económicos, Sarmiento e Lucas Labrada.

O liberalismo preséntase como a superación do feudalismo, que era a iniquidade e a barbarie. Sinala Barreiro Fernández que os liberais querían aparecer como os amantes do ben público, da prosperidade nacional, firmes nos principios relixiosos e instruídos na sa política, que queren vivir e morrer na relixión católica, defendendo a separación do poder eclesiástico do civil. O sector máis radical dos liberais galegos, representado polo *El Cartel*, *El Ciudadano por la Constitución*, *El Patriota Compostelano* e por escitores como Pacheco, Valentín de Foronda, Camino etc., prescinden polo xeral do valor da tradición, reclamada polos absolutistas, asentan as súas ideas no valor da natureza e a razón. A igualdade e a liberdade serán os dereitos fundamentais da persoa. Liberdade como fonte dunha serie de dereitos fundamentais como o dereito á vida, o dereito á liberdade civil, á cidadanía, á integridade física, a non ser encadeado sen mandato xudicial, a manifestarse, escribir e publicar as propias ideas.

A propiedade será a base económica do liberalismo, propoñendo como reformas económicas urxentes a reforma agraria, a supresión da intervención sobre os prezos, a supresión dos estancos (sal, tabaco etc.) e a suavización do sistema impositivo.

En canto á configuración do Estado —estamos aínda lonxe dunha visión nacionalista galega, mesmo provincialista—, os liberais galegos identifican Estado coa Nación española e optan por unha configuración pechadamente centralista do mesmo. Laméntanse da formación das Juntas Supremas que xurdiron en toda España, que son signo de que “la máquina se descompone en una porción de fragmentos, que organizándose cada uno de por sí a su manera, pierden gran parte de fuerza que debería darles el común enlace” (*Gaceta política y Económica de La Coruña* do 20/10/1821). Piden a uniformidade económica e xurídica de

Navarra e Provincias Vascongadas co resto de España a acúsase ao provincialismo de gran parte dos males do país. Culpan ao “espíritu del provincialismo de la ignorancia y un mal entendido interés o un error perjudicial a la misma unión e ilustración nacional que han extendido y conservado entre nosotros. Galicia es una de las provincias de España en que más domina este apego, no a los usos nacionales sino a las prácticas arbitrarias y locales”. Esto escribe *El Ciudadano*, órgano do liberalismo coruñés.

A Constitución deféndese como consagración da división de poderes lexislativo e xudicial e como garante das liberdades:

Proteger la Religión  
Atar una mano al Rey,  
Soltar las dos a la Ley:  
Ahí está la Constitución.

En canto ao Goberno, no pensamento liberal será o Rei quen debe dispoñer o poder executivo. Haberá ministros, pero ningún deles pode en nome do Rei derrogar, innovar nin establecer lei que o Congreso Nacional non examinase e sancionase. Por último a representación política, a necesidade dos partidos, aparece claramente defendida polos liberais.

#### 4. O MARCO SOCIAL E O CONSUMO DE PRENSA

O tema da miña intervención ten que ver co consumo de prensa, cos lectores do inicio do século XIX en Galicia e, polo tanto, coa xente. Pero faltan datos reais e os que hai son contraditorios. Di Xosé Ramón Barreiro que ata 1964, coa tese que Xosé Manuel Beiras defende na Universidade de Sevilla “*Contribución al estudio socioeconómico de la demografía de Galicia*”, non existe ningún estudo científico serio sobre o tema. Foi Lucas Labrada, en 1804, o primeiro erudito galego que se decatou da necesidade de correlacionar datos de poboación cos de agricultura, pesca e industria co gallo de ter unha idea máis aproximada da situación socioeconómica de Galicia.

O Catastro de Ensenada de 1753, a Revisión do Catastro de 1761, o Censo de Aranda de 1768, o Censo de Floridablanca de 1787, o Censo de 1797 e a relación

de Lucas Labrada de 1804 proporcionan datos contraditorios en moitos casos que, interpretados por Eiras Roel, sitúan a poboación de Galicia de comezos do século XIX entre 1.300.000 e 1.400.000 habitantes. Ata 1860, en que se publica o primeiro censo español, a demografía española non conta cunha estatística fiable. Miñano dá en 1826 unha poboación para Galicia de 1.800.000 habitantes e as oficinas de policía, que o profesor López Taboada estima máis fiables, sitúan esta cifra en 1.585.000 habitantes. En todo caso, no primeiro cuarto do século XIX os demógrafos establecen que a poboación galega medrou en 200.000 habitantes, o incremento máis importante da historia, debido á bonanza económica da época e, particularmente, á intensificación dos cultivos de pataca e de millo que posibilitaron a fixación da poboación nas provincias do interior ata a crise que se desata no 1820.

A mediados do século XIX, Galicia chegará a 1.800.000 habitantes, repartidos de xeito desigual, pero dun modo máis equilibrado ca hoxe: 557.000 na provincia da Coruña; 432.000 na de Lugo; 370.000 na de Ourense e 440.000 na de Pontevedra. Máis habitantes, pero menor peso no conxunto do Estado. A finais do século XVIII os galegos representabamos o 13,5% da poboación española, en 1860 o 11,49%, en 1970 o 7,6% e agora aínda menos, en torno ao 6%.

Pero, ¿como son eses galegos? ¿Como son os lectores directos ou indirectos da prensa liberal e absolutista do primeiro terzo do século XIX en Galicia? Pois unha poboación tremendamente rural “nun estado de gran pobreza e malestar social”, como afirma Saurin de la Iglesia. A comezos do XIX a ruralidade de Galicia era superior ao 95%, a mediados do século, no que temos os primeiros datos fiables, o índice de ruralidade en toda Galicia acada o 90% e nalgunhas provincias como Lugo e Ourense non baixa aínda do 95%. “O crecemento demográfico das cidades e vilas —di Barreiro Fernández— foi paseniño, discontinuo e sempre acompasado ó proceso de industrialización do país”. Hai que pensar que en 1960 o índice de ruralidade de Galicia era aínda do 76,7%, máis do dobre da media española, situada no 34,7%, e que a poboación urbana de Galicia era a mediados do século XX de tan só o 13,3%, fronte ao 42,5% da media española.

A realidade socioeconómica do XIX en Galicia é moi diversa, propia dun pobo fondamente subdesenvolvido que, ademais, ten graves problemas de identidade nacional, cunha lingua propia falada por máis do 90% da poboación, pero

restrinxida ao ámbito da oralidade. O caudal emigratorio é tan fondo que de cada catro galegos que sobreviven un tivo que emigrar. Ao mesmo tempo, o estudo da estrutura poboacional por idades revela unha silueta propia: un modelo demográfico peculiar, atípico e difícil de interpretar. Galicia era un dos territorios máis poboados de España, cunha densidade por quilómetro cadrado de 47,64 habitantes. Máis que duplicaba a media española, que non acadará esta cifra ata 1930. En Galicia comarcas como as Rías Baixas chegaban aos cen habitantes por quilómetro cadrado. Galicia era a terra máis poboadada de España. Cen anos máis tarde, a finais do XIX, a situación era case que a contraria, debido en parte á drenaxe da emigración.

#### **4.1. Poboación e clases sociais**

Durante case que todo o século XIX o campesiñado representa o 90% da poboación total galega. Un peso cuantitativo que segue a ser maioritario ata os anos 80 do século XX, en que este modelo comeza a cambiar. Podemos falar dun ruralismo excesivo e ademais minifundista. A superficie media de cultivo por familia na bisbarra de Santiago, unha das favorecidas, é de 1.278 metros cadrados, namentres que no Ribeiro é de 694 metros. A sociedade campesiña —di Beiras— practica unha actividade económica que ten como único obxectivo a satisfacción das necesidades dun modo case autárquico. O campesiñado non produce sistematicamente para un mercado. Non vende para obter unha ganancia, cando vende faino para obter un ingreso. Estamos, pois, ante un modelo de supervivencia, caracterizado por extensas fames e poucas farturas. Sobre todo a partir do ano 1817, en que se produce a gran depresión que se prolongará ata o 1856.

A depresión vén indicada pola vertixinosa caída dos prezos, fenómeno xeral en toda Europa, como consecuencia das guerras napoleónicas. En Galicia a caída dos prezos dos cereais é tan espectacular que hai que volver a 1750 para atopar un tope tan baixo. Volve a fame, agudizada por uns impostos impagables, e a peste, consecuencia da pobreza, que entra en 1833 e provoca milleiros de mortes.

O dez por cento restante da sociedade galega —os non labregos— está integrado por fidalgos e burgueses —moitos destes foráneos (cataláns e vascos) que representan unha das cúpulas sociais—, eclesiásticos, universitarios, militares, comerciantes, nobres e artesáns, establecidos en vilas e cidades. Coa restauración

absolutista de 1814 comenza en Galicia un período de grande politización da fidalguía e do clero. Uns e outros participan na persecución dos liberais, polo xeral burgueses, pero tamén fidalgos intelectuais, nas depuracións e na consolidación do absolutismo. Conta Barreiro que “os fidalgos nutren as partidas, venden canto teñen, morren nas montañas”. Algo que Valle Inclán narra maxistralmente na súa obra *Cruzados de la Causa*, facendo unha especie de sublimación estética do carlismo en Galicia.

Este dez por cento da poboación non rural concéntrase nas aínda pequenas cidades e vilas galegas, das que Santiago de Compostela foi a poboación máis importante ata ben avanzado o século XIX. A mediados do século XIX, a suma da poboación das que nos inicios do século XXI son as sete principais cidades galegas (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol) era inferior ao 5,4% da poboación total de Galicia.

Cidades	Ano 1752	Ano 1857	Ano 1900
SANTIAGO	17.498	26.938	24.317
A CORUÑA	7.849	27.354	42.990
PONTEVEDRA	5.027	6.623	8.231
PADRON	3.599	5.082	4.489
TUI	3.524	2.781	2.501
BETANZOS	3.503	5.082	4.790
VIGO	3.103	8.571	18.905
OURENSE	3.043	6.872	10.626
LUGO	2.803	8.054	10.733
A GUARDA	2.524	743	2.023
MONDOÑEDO	2.464	2.452	3.333
VIVEIRO	2.464	2.500	1.356
MUROS	2.057	2.654	2.178
MONFORTE	2.036	2.355	4.696
REDONDELA	2.019	2.221	2.734
RIBADEO	1.272	2.920	2.835
FERROL	1.255	17.404	23.769
VILAGARCÍA	1.007	1.883	3.387

Fonte: J. Carmona 1990.

Porcentaxes da poboación española analfabeta (1887-1930)

Ano	Homes	Mulleres	Total
1887	61,48	81,16	71,51
1900	55,78	71,43	63,79
1910	52,60	65,80	59,39
1920	46,33	57,78	52,23
1930	36,61	48,14	44,47

Fonte: Guzman Reina, A.

#### 4.2. Poboación: situación educativa, idiomática e cultural

Non hai moitos datos sobre os niveis educativos da sociedade española. A comenzos do século XIX o número de persoas que saben leer e escribir apenas supera o 8% da poboación. Diversos autores afirman que máis do 90% dos españois son analfabetos. Á altura do 1860, en que se teñen os primeiros estudos, máis do 75% da poboación española era analfabeta e a comenzos do século XX, en 1900, esta cifra aínda estaba no 56% da poboación española. Cando se proclama a II República, en 1931, case a metade da poboación —o 44% exactamente— aínda era analfabeta. O maior atraso económico, a ruralidade e o problema da diglosia farían que estes datos en Galicia aínda fosen máis penosos, estimándose en menos do 8% a poboación en condicións de ser lectores directos dos primeiros xornais galegos. A mediados do XIX, sendo optimistas, os galegos capacitados para ler os xornais da época estarían entre o 20 e o 25 por cento da poboación.

Aludindo á situación educativa do XIX en Galicia, o profesor Antón Costa Rico asegura que, como consecuencia do baixo orzamento, había un escaso número de escolas e todas elas pesimamente dotadas e sen material pedagóxico. Penuria que foi repetidamente denunciada ao longo do XIX e aínda ata ben entrado o século XX. A Lei Moyano de 1851, a primeira que recoñece a responsabilidade pública do ensino, deixaba en mans dos concellos a contratación e o pagamento aos mestres, sempre en función do número de habitantes, cousa que poñía a Galicia nunha peor situación. No ano 1845, segundo datos do dicionario Madoz, Galicia tiña un total de 1.190 escolas (474 na Coruña, 137 en Lugo, 385 en Ourense e 194 en Pontevedra) e 32.666 matriculados, 28.397 nenos e 4.249

nenas, o que representaba menos do 10% do total español, cando a poboación galega representaba case o 15% do total do Estado.

En realidade o reparto é moi desigual: hai unha escola para cada 1.190 habitantes na provincia da Coruña; unha por cada 4.622 habitantes en Lugo; unha por cada 815 en Ourense e unha por cada 1.913 en Pontevedra.

Antón Costa, a partir dos datos ofrecidos polas memorias da Universidade de Santiago para 1860-61, obtén unha imaxe escolar do conxunto galego, asegurando que só o 11,11% da poboación galega, que vive en núcleos de máis de 500 habitantes, ten a posibilidade de asistir a escolas elementais completas. Aínda que todos os concellos tiñan cando menos unha escola, case o 60% das 3.289 parroquias galegas carecían dela.

Os estudos secundarios están moi restrinxidos e ligados a sectores eclesiásticos no primeiro terzo do século XIX. En 1836 ponse en marcha o Plan do Duque de Rivas, que intenta paliar a difícil situación, establecendo tres tipos de institutos: os de 1º clase, limitados a Madrid, os de segunda clase para as cidades universitarias, neste caso Santiago de Compostela, e os de terceira, restrinxidos ás capitais de provincia.

A Universidade de Santiago, que supera os mil alumnos en 1800, ten en 1830, debido á fonda crise, menos de 550 universitarios, repartidos nos estudos clásicos de Leis, Gramática, Artes, Canons, Teoloxía, Medicina e Cirurxía. Neste caso, a concentración universitaria en Santiago, onde había un claustro duns cincuenta profesores, dá-lle á cidade un perfil cultural do que non dispoñían outras urbes galegas. A baixa taxa de escolaridade trae como consecuencia un baixísimo nivel de alfabetización, que é xeral á poboación europea, española e galega ata ben entrado o século XX.

Se cara a finais do XIX só un de cada catro galegos está capacitado para ler e escribir, é de supoñer que a situación a comezos de século era aínda peor, polo que o número de galegos en condicións de acceder aos contidos impresos non debería pasar, no mellor dos casos, do 8% da poboación de Galicia. O que en principio, dende unha óptica actual, semella un grave obstáculo para a difusión dos contidos textuais, queda en parte matizado polas prácticas sociais da época, en que a lectura da prensa ante iletrados era unha práctica habitual, en locais públicos ou privados, que se prolongou en Galicia ata a aparición dos medios audiovisuais, especialmente a radio.

Pablo Pérez Costanti, cronista compostelán e estudoso da prensa local do XIX, reflicte perfectamente este escenario á hora de describir os primeiros tempos da prensa santiaguesa:

A imitación de la antigua Roma, que de los pórticos de las Academias, de los gimnasios y baños públicos y de las tiendas de barberos y perfumistas, hacía lugares de reunión y de tertulia á los cuales solían concurrir los ciudadanos libres para enterarse de los hechos más recientes, fueron un tiempo entre nosotros, verdaderos y únicos centros de información —carácter que no perdieron aun en absoluto— los despachos de los librerías y las tiendas de los boticarios, donde, asíduos contertulios, actuando de prensa periódica, leían, referían y comentaban a su sabor la crónica del día.

Podemos concluír afirmando que, sendo a Galicia do primeiro terzo do XIX unha sociedade subdesenvolvida, analfabeta, diglósica e fortemente ruralizada, a prensa da época, aínda sendo en español, xogou un papel dinamizador semellante ao que protagonizou en sociedades moito máis avanzadas. Mesmo o número de cabeceiras, a presentación e os contidos, non desmerece en moito ao de ámbitos moito máis desenvolvidos. Esta prensa galega do século XIX marca, ademais, o primeiro paso no camiño da recuperación identitaria de Galicia. Un momento no que o galego, maioritariamente falado no país, inclusive polos alfabetizados, non está presente nos primeiros textos xornalísticos. Non está presente, pero o galego aflora constantemente a través das citas, dos comentarios, das poesías que abundan nestes textos.

Xornalistas como Xosé Fernández Neira, Manuel Pardo de Andrade ou Ramón González Senra, tan ben estudados en *Papeis d'emprenta condenada*, dan as primeiras pinceladas dun movemento que será imparábel a partir do Rexurdimento.



## BIBLIOGRAFÍA

- BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN (1981): *Historia de Galicia*. Vigo. Editorial Galaxia.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN (1981): “*Los orígenes del pensamiento reaccionario y liberal en Galicia (1808-1833)*”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*. T 32, fasc. 96-97; p. 141-215.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN (2008); “O xornalismo galego no ciclo da Guerra da Independencia (1808-1815)”, en Barreiro Fernández, X. R., *O liberalismo nos seus contextos: un estado da cuestión*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 185-211.
- BARRERA, CARLOS (2000): *El periodismo español en su historia*. Barcelona. Ariel Practicum.
- BEIRAS TORRADO, XOSÉ MANUEL (1973): *O Atraso económico de Galicia*. Vigo. Editorial Galaxia.
- BEIRAS TORRADO, J. M. (1970): *Estructura y problemas de la población gallega*. Madrid. Ed. Banco del Noroeste.
- COSTA RICO, ANTÓN (1989). *Escolas e Mestres. A Educación en Galicia: Da Restauración á II República*. Santiago. Xunta de Galicia.
- LÓPEZ GARCÍA, X. / ANEIRO DÍAZ, R. (2008): *Primeiros Diarios Galegos (1808-1809)*. Santiago. Consello da Cultura Galega.
- LÓPEZ GARCÍA, X. (2000): *El Catón Compostelano*. Santiago. Consello da Cultura Galega.
- PÉREZ COSTANTI, PABLO (1992): *Historia del Periodismo Santiagués*. Sada. Edicións do Castro.
- POUSA ESTÉVEZ, XOSÉ RAMÓN (2000): *A Compostela de El Catón Compostelano*, en López García, X., *El Catón Compostelano. Estudos*. Santiago. Consello da Cultura Galega.
- SAURIN DE LA IGLESIA, M<sup>a</sup> ROSA. (1977): *Apuntes y documentos para una Historia de Galicia en el siglo XIX*. A Coruña. Diputación provincial de La Coruña.
- SEOANE, MARÍA CRUZ (1996): *Historia del Periodismo en España*. Madrid. Alianza Universidad Textos.